B7.7. Asociar o movemento orbital coa actuación de forzas centrais e a conservación do momento angular.	FQB7.7.1. Aplica a lei de conservación do momento angular ao movemento elíptico dos planetas, relacionando valores do raio orbital e da velocidade en diferentes puntos da órbita.
	FQB7.7.2. Utiliza a lei fundamental da dinámica para explicar o movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias, relacionando o raio e a velocidade orbital coa masa do corpo central.
B7.8. Determinar e aplicar a lei de gravitación universal á estimación do peso dos corpos e á interacción entre corpos celestes, tendo en conta o seu carácter vectorial.	FQB7.8.1. Expresa a forza da atracción gravitatoria entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela.
	FQB7.8.2. Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados sobre o mesmo corpo.
B7.3. Recoñecer as forzas elásticas en situacións cotiás e describir os seus efectos.	FQB7.3.1. Determina experimentalmente a constante elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke e calcula a frecuencia coa que oscila unha masa coñecida unida a un extremo do citado resorte.
	FQB7.3.2. Demostra que a aceleración dun movemento harmónico simple (MHS) é proporcional ao desprazamento empregando a ecuación fundamental da dinámica.
	FQB7.3.3. Estima o valor da gravidade facendo un estudo do movemento do péndulo simple.
B7.9. Enunciar a lei de Coulomb e caracterizar a interacción entre dúas cargas eléctricas puntuais.	FQB7.9.1. Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas.
	FQB7.9.2. Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.
B7.10. Valorar as diferenzas e as semellanzas entre a interacción eléctrica e a gravitatoria.	FQB7.10.1. Determina as forzas electrostática e gravitatoria entre dúas partículas de carga e masa coñecidas e compara os valores obtidos, extrapolando conclusións ao caso dos electróns e o núcleo dun átomo.
Bloque 8. Enerxía.	
B8.1. Establecer a lei de conservación da enerxía mecánica e aplicala á resolución de casos prácticos.	FQB8.1.1. Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial.
	FQB8.1.2. Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.
B8.2. Recoñecer sistemas conservativos como aqueles para os que é posible asociar unha enerxía potencial e representar a relación entre traballo e enerxía.	FQB8.2.1. Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo.
B8.3. Describir as transformacións enerxéticas que teñen lugar nun oscilador harmónico.	FQB8.3.1. Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.
	FQB8.3.2. Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico aplicando o principio de conservación da enerxía e realiza a representación gráfica correspondente.

2. Avaliación e cualificación

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos: Durante a 1ª e 2ª avaliación, os descritos na programación ordinaria. Durante a 3ª avaliación, a entrega de materiais propostos na aula virtual a través do correo de telleiras.org.</p>
	<p>Instrumentos: Durante a 1ª e 2ª avaliación, os descritos na programación ordinaria. Durante a 3ª avaliación, considerarase un traballo correctamente entregado se cumpre: - Estar entregado dentro do prazo estipulado. - Debe ser enviado mediante o correo de telleiras.org - A maioría das tarefas propostas están realizadas.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>O procedemento para obter a cualificación final de curso será o seguinte: 1º: Farase a media aritmética das notas da primeira (N₁) e segunda avaliación. (N₂) 2º: O traballo realizado a partires do estado de confinamento valorarase cun máximo de dous puntos. (N₃) A cualificación final ordinaria obterase: Cualificación final = $\frac{N_1+N_2}{2} + N_3$ A cualificación final máxima será de 10 puntos. Recuperación avaliacións suspensas: Entrega das actividades de reforzo . A superación implica unha nota de 5 na avaliación recuperada.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Contéplase a realización dunha proba escrita presencial no instituto. Se as circunstancias sanitarias non o permitisen, a proba sería telemática, publicada na aula virtual ou enviada ao alumno por correo electrónico que sería devolta , nun prazo de tempo a estipular, a través do correo electrónico ou da propia aula virtual . Na proba avaliaranse os estándares imprescindibles recollidos na 1ª e 2ª avaliación desta adaptación da programación.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Non procede.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Actividades de recuperación: <i>“Actividades de recuperación da 1ª avaliación”</i> <i>“Actividades de recuperación da 2ª avaliación”</i></p> <p>Actividades de repaso e reforzo: Materiais da aula virtual do IES San Clemente Boletín de repaso, 1ª avaliación. Boletín de repaso, 2ª avaliación.</p> <p>Actividades de ampliación: Materiais das guías electrónicas de bacharelato do IES San Clemente.</p> <p>Materiais da aula virtual do IES As Telleiras: Tema 9: Gravitación. Boletíns resoltos. Tema 10: Electrostática. Boletíns resoltos. Tema 11: Movemento harmónico simple. Boletíns resoltos. Tema 12: Enerxía e traballo. Boletíns resoltos.</p> <p>Boletín de ampliación temas 9 a 12.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Publícanse os materiais descritos na aula virtual.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exercicios resoltos paso a paso con comentarios e aclaracións. - Actividades para entregar. <p>Como medios de comunicación co alumnado, dispóñense:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A mensaxaría da aula virtual, para a resolución de pequenas dúbidas. - O correo electrónico de telleiras.org, tanto para a resolución de dúbidas como para a entrega de materiais. <p>O alumnado sen conectividade pode imprimir e entregar no instituto as actividades propostas, que serán revisadas cando a situación o permita.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Na aula virtual: documentación teórica, boletíns de exercicios.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O medio de comunicación entre o alumnado e as familias será a mensaxaría da aula virtual ou o correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 2º BACHARELATO ADULTOS
MATERIA: Física
DEPARTAMENTO: Física e Química
DATA: 11 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 9	CENTRO: IES AS TELLEIRAS CURSO: 2º BACHARELATO ADULTOS MATERIA: FÍSICA
----------------------------------------------------------	---------------	------------------------------------------------------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

1.1. Primeira avaliación.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. A actividade científica.	
B1.1. Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica.	FSB1.1.2. Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico.
	FSB1.1.3. Resolve exercicios nos que a información debe deducirse a partir dos datos proporcionados e das ecuacións que rexen o fenómeno, e contextualiza os resultados.
Bloque 4. Ondas.	
B4.1. Asociar o movemento ondulatorio co movemento harmónico simple.	FSB4.1.1. Determina a velocidade de propagación dunha onda e a de vibración das partículas que a forman, interpretando ambos os resultados.
B4.2. Identificar en experiencias cotiás ou coñecidas os principais tipos de ondas e as súas características.	FSB4.2.1. Explica as diferenzas entre ondas lonxitudinais e transversais a partir da orientación relativa da oscilación e da propagación.
B4.3. Expresar a ecuación dunha onda nunha corda indicando o significado físico dos seus parámetros característicos.	FSB4.3.1. Obtén as magnitudes características dunha onda a partir da súa expresión matemática.
	FSB4.3.2. Escribe e interpreta a expresión matemática dunha onda harmónica transversal dadas as súas magnitudes características.
B4.4. Interpretar a dobre periodicidade dunha onda a partir da súa frecuencia e o seu número de onda.	FSB4.4.1. Dada a expresión matemática dunha onda, xustifica a dobre periodicidade con respecto á posición e ao tempo.
B4.5. Valorar as ondas como un medio de transporte de enerxía pero non de masa.	FSB4.5.1. Relaciona a enerxía mecánica dunha onda coa súa amplitude.
B4.6. Utilizar o principio de Huygens para comprender e interpretar a propagación das ondas e os fenómenos ondulatorios.	FSB4.5.2. Calcula a intensidade dunha onda a certa distancia do foco emisor, empregando a ecuación que relaciona ambas as magnitudes.
B4.8. Empregar as leis de Snell para explicar os fenómenos de reflexión e refracción.	FSB4.8.1. Experimenta e xustifica o comportamento da luz ao cambiar de medio, aplicando a lei de Snell, coñecidos os índices de refracción.
B4.10. Explicar e recoñecer o efecto Doppler en sons.	FSB4.10.1. Recoñece situacións cotiás nas que se produce o efecto Doppler, e xustifícaa de forma cualitativa.
B4.1. Asociar o movemento ondulatorio co movemento harmónico simple.	FSB4.1.1. Determina a velocidade de propagación dunha onda e a de vibración das partículas que a forman, interpretando ambos os resultados.
Bloque 5. Óptica xeométrica.	
B5.1. Formular e interpretar as leis da óptica xeométrica.	FSB5.1.1. Explica procesos cotiás a través das leis da óptica xeométrica.
B5.2. Valorar os diagramas de raios luminosos e as ecuacións asociadas como medio que permite predicir as características das imaxes formadas en sistemas ópticos.	FSB5.2.1. Demostra experimentalmente e graficamente a propagación rectilínea da luz mediante un xogo de prismas que conduzan un feixe de luz desde o emisor ata unha pantalla.
	FSB5.2.2. Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes.

1.2. Segunda avaliación.

Criterio de avaliación		Estándar de aprendizaxe	
Bloque 5. Óptica xeométrica.			
B5.1.	Formular e interpretar as leis da óptica xeométrica.	FSB5.1.1.	Explica procesos cotiáns a través das leis da óptica xeométrica.
B5.2.	Valorar os diagramas de raios luminosos e as ecuacións asociadas como medio que permite predicir as características das imaxes formadas en sistemas ópticos.	FSB5.2.1.	Demuestra experimentalmente e graficamente a propagación rectilínea da luz mediante un xogo de prismas que conduzan un feixe de luz desde o emisor ata unha pantalla.
		FSB5.2.2.	Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes.
Bloque 2. Interacción gravitatoria.			
B2.1.	Asociar o campo gravitatorio á existencia de masa, e caracterizalo pola intensidade do campo e o potencial.	FSB2.1.1.	Diferencia os conceptos de forza e campo, establecendo unha relación entre a intensidade do campo gravitatorio e a aceleración da gravidade.
B2.3.	Interpretar as variacións de enerxía potencial e o signo desta en función da orixe de coordenadas enerxéticas elixida.	FSB2.3.1.	Calcula a velocidade de escape dun corpo aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.
B2.4.	Xustificar as variacións enerxéticas dun corpo en movemento no seo de campos gravitatorios.	FSB2.4.1.	Aplica a lei de conservación da enerxía ao movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias.
B2.5.	Relacionar o movemento orbital dun corpo co raio da órbita e a masa xeradora do campo.	FSB2.5.1.	Deduca a velocidade orbital dun corpo, a partir da lei fundamental da dinámica, e relaciónaa co raio da órbita e a masa do corpo.
Bloque 3. Interacción electromagnética.			
B3.1.	Asociar o campo eléctrico á existencia de carga e caracterizalo pola intensidade de campo e o potencial.	FSB3.1.1.	Relaciona os conceptos de forza e campo, establecendo a relación entre intensidade do campo eléctrico e carga eléctrica.
		FSB3.1.2.	Utiliza o principio de superposición para o cálculo de campos e potenciais eléctricos creados por unha distribución de cargas puntuais.
B3.3.	Caracterizar o potencial eléctrico en diferentes puntos dun campo xerado por unha distribución de cargas puntuais, e describir o movemento dunha carga cando se deixa libre no campo.	FSB3.3.1.	Analiza cualitativamente a traxectoria dunha carga situada no seo dun campo xerado por unha distribución de cargas, a partir da forza neta que se exerce sobre ela.
B3.4.	Interpretar as variacións de enerxía potencial dunha carga en movemento no seo de campos electrostáticos en función da orixe de coordenadas enerxéticas elixida.	FSB3.4.1.	Calcula o traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico creado por unha ou máis cargas puntuais a partir da diferenza de potencial.
Bloque 6. Física do século XX.			
B6.13.	Establecer a relación da composición nuclear e a masa nuclear cos procesos nucleares de desintegración.	FSB6.13.1.	Obtén a actividade dunha mostra radioactiva aplicando a lei de desintegración e valora a utilidade dos datos obtidos para a datación de restos arqueolóxicos.
		FSB6.13.2.	Realiza cálculos sinxelos relacionados coas magnitudes que interveñen nas desintegracións radioactivas.

1.3. Terceira avaliación

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 3. Interacción electromagnética.	
B3.8. Predicir o movemento dunha partícula cargada no seo dun campo magnético.	FSB3.8.1. Describe o movemento que realiza unha carga cando penetra nunha rexión onde existe un campo magnético e analiza casos prácticos concretos, como os espectrómetros de masas e os aceleradores de partículas.
B3.9. Comprender e comprobar que as correntes eléctricas xeran campos magnéticos.	FSB3.9.1. Relaciona as cargas en movemento coa creación de campos magnéticos e describe as liñas do campo magnético que crea unha corrente eléctrica rectilínea.
B3.10. Recoñecer a forza de Lorentz como a forza que se exerce sobre unha partícula cargada que se move nunha rexión do espazo onde actúan un campo eléctrico e un campo magnético.	FSB3.10.1. Calcula o raio da órbita que describe unha partícula cargada cando penetra cunha velocidade determinada nun campo magnético coñecido aplicando a forza de Lorentz.
	FSB3.10.3. Establece a relación que debe existir entre o campo magnético e o campo eléctrico para que unha partícula cargada se mova con movemento rectilíneo uniforme aplicando a lei fundamental da dinámica e a lei de Lorentz.
B3.12. Describir o campo magnético orixinado por unha corrente rectilínea, por unha espira de corrente ou por un solenoide nun punto determinado.	FSB3.12.1. Establece, nun punto dado do espazo, o campo magnético resultante debido a dous ou máis condutores rectilíneos polos que circulan correntes eléctricas.
	FSB3.12.2. Caracteriza o campo magnético creado por unha espira e por un conxunto de espiras.
B3.13. Identificar e xustificar a forza de interacción entre dous condutores rectilíneos e paralelos.	FSB3.13.1. Analiza e calcula a forza que se establece entre dous condutores paralelos, segundo o sentido da corrente que os percorra, realizando o diagrama correspondente.
B3.14. Coñecer que o ampere é unha unidade fundamental do Sistema Internacional.	FSB3.14.1. Xustifica a definición de ampere a partir da forza que se establece entre dous condutores rectilíneos e paralelos.
B3.15. Valorar a lei de Ampère como método de cálculo de campos magnéticos.	FSB3.15.1. Determina o campo que crea unha corrente rectilínea de carga aplicando a lei de Ampère e exprésao en unidades do Sistema Internacional.
B3.16. Relacionar as variacións do fluxo magnético coa creación de correntes eléctricas e determinar o sentido destas.	FSB3.16.1. Establece o fluxo magnético que atravesa unha espira que se atopa no seo dun campo magnético e exprésao en unidades do Sistema Internacional.

(Continúa na páxina seguinte)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 3. Interacción electromagnética.	
B3.17. Explicar as experiencias de Faraday e de Henry que levaron a establecer as leis de Faraday e Lenz.	FSB3.17.1. Calcula a forza electromotriz inducida nun circuito e estima a dirección da corrente eléctrica aplicando as leis de Faraday e Lenz.
B3.12. Describir o campo magnético orixinado por unha corrente rectilínea, por unha espira de corrente ou por un solenoide nun punto determinado.	FSB3.12.1. Establece, nun punto dado do espazo, o campo magnético resultante debido a dous ou máis condutores rectilíneos polos que circulan correntes eléctricas.
Bloque 6. Física do século XX.	
B6.2. Aplicar as transformacións de Lorentz ao cálculo da dilatación temporal e á contracción espacial que sofre un sistema cando se despraza a velocidades próximas ás da luz respecto a outro dado.	FSB6.2.1. Calcula a dilatación do tempo que experimenta un observador cando se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.
	FSB6.2.2. Determina a contracción que experimenta un obxecto cando se atopa nun sistema que se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.
B6.4. Establecer a equivalencia entre masa e enerxía, e as súas consecuencias na enerxía nuclear.	FSB6.4.1. Expresa a relación entre a masa en repouso dun corpo e a súa velocidade coa enerxía deste a partir da masa relativista.
B6.9. Presentar a dualidade onda-corpúsculo como un dos grandes paradoxos da física cuántica.	FSB6.9.1. Determina as lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento a diferentes escalas, extraendo conclusións acerca dos efectos cuánticos a escalas macroscópicas.
B6.10. Recoñecer o carácter probabilístico da mecánica cuántica en contraposición co carácter determinista da mecánica clásica.	FSB6.10.1. Formula de xeito sinxelo o principio de indeterminación de Heisenberg e aplícao a casos concretos, como os orbitais atómicos.
B6.7. Valorar a hipótese de Planck no marco do efecto fotoeléctrico.	FSB6.7.1. Compara a predición clásica do efecto fotoeléctrico coa explicación cuántica postulada por Einstein, e realiza cálculos relacionados co traballo de extracción e a enerxía cinética dos fotoelectróns.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Durante a 1ª e 2ª avaliación, os descritos na programación ordinaria. Durante a 3ª avaliación, a entrega de materiais propostos na aula virtual a través do correo de telleiras.org.</p>
	<p>Instrumentos: Durante a 1ª e 2ª avaliación, os descritos na programación ordinaria. Durante a 3ª avaliación, considerarase un traballo correctamente entregado se cumpre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estar entregado dentro do prazo estipulado. - Debe ser enviado mediante o correo de telleiras.org - A maioría das tarefas propostas están realizadas.
Cualificación final	<p>O procedemento para obter a cualificación final de curso será o seguinte: 1º: Farase a media aritmética das notas da primeira (N₁) e segunda avaliación. (N₂) 2º: O traballo realizado a partires do estado de confinamento valorarase cun máximo de dous puntos. (N₃) A cualificación final ordinaria obterase:</p> <p>Cualificación final = $\frac{N_1+N_2}{2} + N_3$</p> <p>A cualificación final máxima será de 10 puntos. Recuperación avaliacións suspensas: Entrega das actividades de reforzo . A superación implica unha nota de 5 na avaliación recuperada.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Contémplase a realización dunha proba escrita presencial no instituto. Se as circunstancias sanitarias non o permitisen, a proba sería telemática, publicada na aula virtual ou enviada ao alumno por correo electrónico que sería devolta , nun prazo de tempo a estipular, a través do correo electrónico ou da propia aula virtual . Na proba avaliaranse os estándares imprescindibles recollidos na 1ª e 2ª avaliación desta adaptación da programación.</p>
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non procede.
	Criterios de cualificación: Non procede.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Actividades de recuperación: <i>“Actividades de recuperación da 1ª avaliación”</i> <i>“Actividades de recuperación da 2ª avaliación”</i></p> <p>Actividades de repaso e reforzo: Materiais da aula virtual do IES San Clemente Boletín de repaso, 1ª avaliación. Boletín de repaso, 2ª avaliación.</p> <p>Actividades de ampliación: Materiais das guías electrónicas de bacharelato do IES San Clemente.</p> <p>Materiais da aula virtual do IES As Telleiras: Tema 9: Campo magnético. Boletíns resoltos. Tema 10: Indución electromagnética. Boletíns resoltos. Tema 11: Física relativista. Boletíns resoltos. Tema 12: Enerxía e traballo. Boletíns resoltos.</p> <p>Boletíns de ampliación temas 9 a 12.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Publicanse os materiais descritos na aula virtual.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exercicios resoltos paso a paso con comentarios e aclaracións. - Actividades para entregar. <p>Como medios de comunicación co alumnado, dispóñense:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A mensaxaría da aula virtual, para a resolución de pequenas dúbidas. - O correo electrónico de telleiras.org, tanto para a resolución de dúbidas como para a entrega de materiais. <p>O alumnado sen conectividade pode imprimir e entregar no instituto as actividades propostas, que serán revisadas cando a situación o permita.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Na aula virtual: documentación teórica, boletíns de exercicios, plan de traballo.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O medio de comunicación entre o alumnado e as familias será a mensaxaría da aula virtual ou o correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 2º BACHARELATO ADULTOS
MATERIA: QUÍMICA
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA
DATA:06/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1º TRIMESTRE	
B2.2. Modelo atómico de Bohr. B2.3. Orbitais atómicos. Números cuánticos e a súa interpretación.	Diferencia o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital.
B2.4. Mecánica cuántica: hipótese de De Broglie, principio de indeterminación de Heisenberg.	Xustifica o carácter probabilístico do estudo de partículas atómicas a partir do principio de indeterminación de Heisenberg.
B2.6. Clasificación dos elementos segundo a súa estrutura electrónica: sistema periódico.	Xustifica a reactividade dun elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica.
B2.7. Propiedades dos elementos segundo a súa posición no sistema periódico	Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes.
B2.8. Enlace químico.	Xustifica a estabilidade das moléculas ou dos cristais formados empregando a regra do octeto ou baseándose nas interaccións dos electróns da capa de valencia para a formación dos enlaces.
B2.11. Enlace covalente. B2.12. Xeometría e polaridade das moléculas. B2.13. TEV e hibridación. B2.14. Teoría de repulsión de pares electrónicos da capa de valencia (TRPECV).	Determina a polaridade dunha molécula utilizando o modelo ou a teoría máis axeitados para explicar a súa xeometría
B2.18. Propiedades dos metais. Aplicacións de superconductores e semicondutores. B2.19. Modelo do gas electrónico e teoría de bandas.	Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico, utilizando a teoría de bandas.
B2.20. Natureza das forzas intermoleculares.	Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
2º TRIMESTRE	
B3.1. Concepto de velocidade de reacción. B3.2. Teoría de colisións e do estado de transición.	Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.
B3.3. Factores que inflúen na velocidade das reaccións. B3.4. Uso de catalizadores en procesos industriais.	Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.
B3.5. Mecanismos de reacción.	Deduce o proceso de control da velocidade dunha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción.
B3.6. Equilibrio químico. Lei de acción de masas. B3.7. Constante de equilibrio: formas de expresala.	Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, prevendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio
B3.7. Constante de equilibrio: formas de expresala.	Acha o valor das constantes de equilibrio, K_c e K_p , para un equil. en diferentes situacións de presión, volume ou concentración. Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.
B3.9. Equil. heteroxéneos: reaccións de precipitación.	Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplica experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disoltos.
B3.10. Factores que afectan ao estado de equilibrio: principio de Le Chatelier.	Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco
B3.9. Equil. heteroxéneos: reaccións de precipitación. B3.10. Factores que afectan ao estado de equilibrio: principio de Le Chatelier.	Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifica experimentalmente nalgúns casos concretos.

Nas táboas aparecen en cursiva os estándares de aprendizaxe relacionados con contidos non impartidos (3ª avaliación)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
3º TRIMESTRE (NON PRESENCIAL)	
B3.13. Teoría de Brønsted-Lowry. B3.14. Forza relativa dos ácidos e bases; grado de ionización. B3.15. Equilibrio iónico da auga. B3.16. Concepto de pH. Importancia do pH a nivel biolóxico. B3.17. Estudio cualitativo das disolucións reguladoras de pH.	Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolto nelas, e determina teoricamente e <i>experimentalmente</i> o valor do pH destas.
B3.19. Volumetrías de neutralización ácido-base.	Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.
B3.22. Equilibrio redox. B3.23. Concepto de oxidación-redución. Oxidantes e redutores. Número de oxidación.	Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e redutoras.
B3.24. Axuste redox por el método do ión-electrón. Estequiometría das reaccións redox.	Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.
B3.25. Potencial de redución estándar.	Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.
B4.1. Estudio de funcións orgánicas.	Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.
B4.2. Nomenclatura e formulación orgánica segundo as normas da IUPAC. B4.3. Funcións orgánicas de interese: oxigenadas e nitroxenadas, derivados haloxenados, tioles e perácidos. Compostos orgánicos polifuncionais.	Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.
B4.4. Tipos de isomería.	Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular
<i>B4.5. Tipos de reaccións orgánicas.</i>	<i>Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas [...], predicindo os produtos, se é necesario.</i>
B4.7. Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos.	Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os alumnos que suspenderan un ou os dous trimestres anteriores disporán dunha proba escrita de recuperación para cada un dos trimestres suspensos. Concertarase co alumnado a data de realización da proba de recuperación. A proba será enviada ao alumno a través do correo electrónico fisquiria@gmail.com (ou a través de medios alternativos de ser necesario, incluída a entrega presencial no centro) e o alumno disporá de 3 h para devolver a proba cuberta (este tempo flexibilizarase en caso de que o alumno non teña ou perda a conectividade). - As tarefas propostas durante o 3º trimestre entréganse semanalmente ao alumnado a través do correo electrónico fisquiria@gmail.com, e o alumno devolve as respostas polo mesmo medio. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - probas escritas de recuperación para os trimestres 1º e 2º - tarefas propostas durante o 3º trimestre
Cualificación final	A cualificación final de curso obterase a partires da media das cualificacións dos trimestres 1º e 2º, á que se sumará un máximo de ata 2 puntos correspondentes á cualificación das actividades realizadas no 3º trimestre. Dado o carácter non avaliable das tarefas realizadas no período inicial da corentena, darase ao alumnado tempo suficiente para rematar aquelas tarefas iniciais que queira completar.
Proba extraordinaria de setembro	Proba escrita na que entrará a materia impartida nas dúas primeiras avaliaciós. Se non fora posible, por razóns sanitarias, celebrar presencialmente a proba, recorrerase ao mesmo procedemento de realización das probas de recuperación do 1º e 2º trimestres.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: <i>Non hai alumnos con Química 2º Bac Adultos pendente</i></p> <p>Criterios de cualificación: <i>Non hai alumnos con Química 2º Bac Adultos pendente</i></p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: <i>Non hai alumnos con Química 2º Bac Adultos pendente</i></p>

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Actividades contidas en boletíns de recuperación (1º e 2º trimestres) e de ampliación de contidos (temas da 3ª avaliación)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Cada semana se propón o repaso ou estudo de materia e a realización de boletíns de consolidación e reforzo. O seguimento da aprendizaxe, así como a resolución de calquera dúbida ou eventualidade se realizan preferentemente mediante a dirección de correo fisquiria@gmail.com . De presentarse problemas de conectividade non solucionables mediante o préstamo de loxística informática por parte do centro, a profesora imprimirá os materiais (apuntamentos e tarefas) e citará aos alumnos para que veñan recollelos ao centro; a entrega das tarefas farase tamén de xeito presencial, e a resolución de dúbidas ou eventualidades, mediante chamada telefónica ao centro.
Materiais e recursos	Apuntamentos: materiais de IES San Clemente (https://guiasbac.iessanclemente.net/) e resumos elaborados pola profesora Tareas: materiais de IES San Clemente, boletíns de cuestións elaborados pola profesora e boletíns de problemas extraídos de Internet.

2. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Chamada telefónica ao alumnado por parte da profesora para avisar da publicación do presente documento e da celebración das actividades de recuperación Comunicacións a través do correo electrónico fisquiria@gmail.com : <ul style="list-style-type: none">- Temporalización dos temas impartidos- Actividades de 3ª avaliación- Fichas ou apuntes de reforzo / explicación de contidos- Actividades de recuperación- Aclaración de dúbidas
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/) Chamada telefónica ao alumnado por parte da profesora.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 2º FP BÁSICA DE CARPINTERÍA E MOBLE
MATERIA: CIENCIAS APLICADAS
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA
DATA:06/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Clave dos formatos de fonte utilizados nas táboas:

- ❖ *En cursiva: estándares de aprendizaxe correspondentes a contidos non impartidos na 3ª avaliación: falta de tempo, dada a baixa autorregulación e escasa autonomía de estudo dos alumnos*

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar (resultado) de aprendizaxe
1º TRIMESTRE	
CA1.2. Obtivéronse valores numéricos a partir dunha expresión alxébrica. CA1.3. Resolvéronse ecuacións de 1º e 2º grao sinxelas de modo alxébrico e gráfico. CA1.4. Resolvéronse problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.	RA1. Resolve situacións cotiás aplicando os métodos de resolución de ecuacións e de sistemas, valorando a precisión, a simplicidade e a utilidade da linguaxe alxébrica.
CA2.1. Formuláronse hipóteses sinxelas, a partir de observacións compiladas por distintos medios. CA2.3. Planificáronse métodos e procedementos experimentais sinxelos de diversa índole para refutar ou non a súa hipótese. CA2.6. Defendeu o resultado con argumentacións e probas, e contrastes das hipóteses.	RA2. Resolve problemas sinxelos de diversa índole, a través da súa análise contrastada e aplicando as fases do método científico.
CA3.1. Utilizáronse instrumentos apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medida. CA3.3. Utilizáronse as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes, e asignáronse as unidades correctas.	RA3. Realiza medidas directas e indirectas de figuras xeométricas presentes en contextos reais, utilizando instrumentos, fórmulas e as técnicas necesarias.
CA5.1. Verificouse a dispoñibilidade do material básico utilizado nun laboratorio. CA5.2. Identificáronse e medíronse magnitudes básicas (masa, volume, temperatura, etc.).	RA5. Aplica técnicas físicas ou químicas, utilizando o material necesario para a realización de prácticas de laboratorio sinxelas, medindo as magnitudes.
CA6.1. Identificáronse reaccións químicas principais da vida cotiá, da natureza e da industria. CA6.2. Describíronse as manifestacións de reaccións químicas. CA6.3. Describíronse os compoñentes dunha reacción química e a intervención da enerxía nela.	RA6. Recoñece as reaccións químicas que se producen nos procesos biolóxicos e na industria, argumentando a súa importancia na vida cotiá e describindo os cambios que se producen.

2º TRIMESTRE	
CA4.5. Extraeuse información de gráficas que representen os tipos de funcións asociadas a situacións reais. CA4.7. Elaboráronse e interpretáronse táboas e gráficos estatísticos. CA4.10. Resolvéronse problemas cotiáns mediante cálculos de probabilidade.	RA4. Interpreta gráficas de dúas magnitudes calculando os parámetros significativos destas e relacionándoo con funcións matemáticas elementais e os principais valores estatísticos.
CA8.1. Identificáronse os axentes xeolóxicos externos e cal é a súa acción sobre o relevo.	RA8. Identifica os cambios que se producen no planeta Terra argumentando as súas causas e tendo en conta as diferenzas entre relevo e paisaxe.
CA9.1. Recoñecéronse os fenómenos da contaminación atmosférica e os principais axentes que a causan.	RA9. Categoriza os contaminantes atmosféricos principais identificando as súas orixes e relacionándoas cos seus efectos.
CA10.1. Recoñeceu e valorouse o papel da auga na existencia e na supervivencia da vida no planeta. CA10.4. Analizáronse os efectos producidos pola contaminación da auga e o uso responsable desta.	RA10. Identifica os contaminantes da auga tendo en conta a relación entre o seu efecto no ambiente e o seu tratamento de depuración.
CA11.2. Propuxéronse medidas elementais encamiñadas a favorecer o desenvolvemento sustentable.	RA11. Contribúe ao equilibrio ambiental, analizando e argumentando as liñas básicas sobre o desenvolvemento sustentable e propondo accións para a mellora e conservación.
CA7.1. Analizáronse efectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear. CA7.4. Argumentouse sobre a problemática dos residuos nucleares.	RA7. Identifica aspectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear, e describe os efectos da contaminación xerada na súa aplicación.

3º TRIMESTRE (NON PRESENCIAL)

<p>CA12.1. Discrimináronse movementos cotiáns en función da súa traxectoria e da súa celeridade.</p> <p>CA12.2. Relacionáronse entre si a distancia percorrida, a velocidade, o tempo e a aceleración, expresándoas en unidades de uso habitual.</p> <p>CA12.6. Describiuse a relación causa e efecto en distintas situacións, para atopar a relación entre forzas e movementos.</p>	<p>RA12. Relaciona as forzas que aparecen en situacións habituais cos efectos producidos tendo en conta a súa contribución ao movemento ou ao repouso dos obxectos e as magnitudes postas en xogo.</p>
<p>CA13.2. Analizáronse os hábitos de consumo e de aforro eléctrico e establecéronse liñas de mellora neles.</p> <p>CA13.4. Analizáronse as vantaxes e as desvantaxes das centrais eléctricas.</p> <p>CA13.5. Describíronse basicamente as etapas da distribución da enerxía eléctrica desde a súa xénese á persoa usuaria.</p>	<p>RA13. Identifica os aspectos básicos da produción, o transporte e a utilización da enerxía eléctrica, e os factores que interveñen no seu consumo, describindo os cambios producidos e as magnitudes e valores característicos.</p>
<p>CA14.1. <i>Identificáronse os elementos básicos dun circuito sinxelo en relación cos existentes na vida cotiá.</i></p> <p>CA14.4. <i>Realizáronse esquemas de circuitos eléctricos sinxelos interpretando as situacións sobre estes.</i></p> <p>CA14.6. <i>Calculáronse magnitudes eléctricas elementais no contorno habitual de consumo.</i></p>	<p>RA14. <i>Identifica os compoñentes básicos de circuitos eléctricos sinxelos, realizando medidas e determinando os valores das magnitudes que os caracterizan.</i></p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non se realizarán actividades de recuperación, posto que non hai alumnos con trimestres suspensos. - As tarefas propostas durante o 3º trimestre entréganse semanalmente ao alumnado a través do correo electrónico fisquiria@gmail.com, e o alumno devolve as respostas polo mesmo medio.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - probas escritas de recuperación para os trimestres 1º e 2º - tarefas propostas durante o 3º trimestre
Cualificación final	<p>A cualificación final de curso obterase a partires da media das cualificacións dos trimestres 1º e 2º; a cualificación das actividades realizadas no 3º trimestre servirá para o redondeo da media. Dado o carácter non avaliable das tarefas realizadas no período inicial da corentena, darase ao alumnado tempo suficiente para rematar aquelas tarefas iniciais que queira completar.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non se realizará proba extraordinaria de setembro, posto que todos os alumnos acadaron as aprendizaxes mínimas para superar o módulo en convocatoria ordinaria (antes da realización da FCT).</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: <i>Non hai alumnos con Ciencias Aplicadas II pendente</i></p>
	<p>Criterios de cualificación: <i>Non hai alumnos con Ciencias Aplicadas II pendente</i></p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: <i>Non hai alumnos con Ciencias Aplicadas II pendente</i></p>

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Actividades contidas en boletíns de recuperación (1º e 2º trimestres) e de ampliación de contidos (temas da 3ª avaliación)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Cada semana se propón o repaso ou estudo de materia e a realización de boletíns de consolidación e reforzo. O seguimento da aprendizaxe, así como a resolución de calquera dúbida ou eventualidade se realizan preferentemente mediante a dirección de correo fisquiria@gmail.com . De presentarse problemas de conectividade non solucionables mediante o préstamo de loxística informática por parte do centro, a profesora imprimirá os materiais (apuntamentos e tarefas) e citará aos alumnos para que veñan recollelos ao centro; a entrega das tarefas farase tamén de xeito presencial, e a resolución de dúbidas ou eventualidades, mediante chamada telefónica ao centro.
Materiais e recursos	Apuntamentos: elaboración da profesora e materiais do proxecto Newton (http://recursostic.educacion.es/newton/web/) Tareas: boletíns de cuestións elaborados pola profesora e boletíns de problemas extraídos de Internet.

2. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Chamada telefónica ao alumnado por parte da profesora para avisar da publicación do presente documento e da celebración das actividades de recuperación</p> <p>Comunicacións a través do correo electrónico fisquiria@gmail.com:</p> <ul style="list-style-type: none">- Temporalización dos temas impartidos- Actividades de 3ª avaliación- Fichas ou apuntes de reforzo / explicación de contidos- Aclaración de dúbidas
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/)</p> <p>Chamada telefónica ao alumnado por parte da profesora.</p>